

VIEIROS

Barcelona

Edición xestionada por [Xabier Paradelo](#)

EN SARGADELOS, NA RÚA E NA PRAIA

Semana do Libro Galego en Barcelona

Nos actos deste ano ao redor do día do libro e de Sant Jordi, alén das novidades editoriais e dos actos na Galería Sargadelos, tamén se poderá gozar a poesía na rúa e na praia.

Redacción - 23:24 15/04/2007

A [Asociación Galega de Editores](#) e a [Galería Sargadelos](#) organizan por terceiro ano consecutivo a Semana do Libro Galego en Barcelona. Ademais da obrigada mesa para a distribución de libros galegos e portugueses que a Libraría Sargadelos expón na confluencia da Rambla de Catalunya co carrer de Provença o 23 de abril, en Barcelona poderase asistir a diversos actos culturais relacionados coa literatura galega.

Entre os actos programados, está a presentación de [Más allá del tiempo](#), obra até agora inédita de [María Mariño](#), á cal vai dedicado este ano o Día das Letras Galegas e que conta con estudo introdutorio elaborado por Helena González, profesora de Filoloxía Galega na Universitat de Barcelona.

A pegada barcelonesa nas letras galegas tamén está presente nesta Semana do Libro Galego coa presentación da novela *Os paxaros tamén migran ao Sur*, de [Silverio Cerradelo](#), ambientada en Barcelona e [gañadora](#) da VI edición do premio de narrativa Terra de Melide.

Coincidindo co inicio do [Saló Internacional del Còmic de Barcelona](#), no que destaca dende hai varias edicións a banda deseñada elaborada en Galiza, inaugúrase en Sargadelos a exposición "A Historieta Galega" coa presenza da conselleira de Cultura da Xunta, Ánxela Bugallo. A presenza institucional é un recoñecemento merecido ao traballo realizado polo cómic galego.

A poesía ten este ano unha especial presenza na Semana do Libro Galego en Barcelona da man de Edicións Positivas. A editorial organiza lecturas colectivas dos poemas de Paula Carballeira do libro *Contatrás*, na praia da Barceloneta, e tamén dos versos de Óliver Escobar, do seu poemario *Apostasía*, que facendo honra ao título, serán recitados diante da Catedral de Barcelona.

Estas xornadas non esquecen a produción encol do teatro realizada por profesionais galegos. O ciclo pecharase coa presentación de *Dramaturxias*, de Afonso Becerra e do traballo de

Dani Salgado *A dirección de autores*.

Programa de Semana do Libro Galego en Barcelona

Mércores 18, 20 h. Galería Sargadelos

Presentación de *Más allá del tiempo*, obra inédita de María Mariño, a cargo de Helena González. Na mesa estará acompañada do editor Henrique [Alvarellos](#). Ademais farase unha lectura de algúns anacos do libro por parte de Sara Sanjurjo e Ana Belén Real (de Furafolas), Marta Font (bolseira do iiEDG) e Marta Villanueva (estudante de Filoloxía Galega, UB). Esta edición conta cun amplo e documentado estudo introdutorio a cargo da profesora da Universitat de Barcelona, Helena González, responsable tamén da edición do texto.

Xoves 19, 20 h. Galería Sargadelos

Inauguración da mostra *A Historieta Galega* producida pola [Fundación Feima](#). Na presentación contarase coa presenza de Ánxela Bugallo, conselleira de Cultura da Xunta de Galicia; Luis Bará director xeral de Creación e Difusión Cultural da Consellaría de Cultura, Fausto Isorna, debuxante e un dos comisarios da exposición e con Alicia Cepeda, secretaria da Fundación Feima.

A mostra estará ata o día 4 de maio.

Venres 20, 20 h. Galería Sargadelos

Presentará o seu libro Silverio Cerradelo, [Os paxaros tamén migran ao Sur](#), Ed. Xerais. Na mesa acompañará ó autor Manuel Bragado, director de Ed. Xerais e Sabela Labraña, profesora de Filoloxía Galega, UB.

Sábado 21, 12.30 h. Praia da Barceloneta, Espigó del Gas (onde se escoite a gaita)

Lectura colectiva e plurilingüe do poemario *Contatrás*, de Paula Carballeira. Ed Positivas A continuación xogarase o III Campionato Contatrás de Brilé.

Sábado 21, 18 h. Galería Sargadelos

Presentación de libro de Alberte Pagán *A mirada impasíbel* (A filmografía de Andy Warholl) 19 h. Proxección do filme *Bs. As*, de Alberte Pagán Na mesa estará ademais do autor, Paco Macías, de Ed. Positivas.

Domingo 22, 12.30 h. Pla de la Seu, Catedral de Barcelona

Lectura colectiva do poemario *Apostasía*, de Óliver Escobar, Ed. Positivas

Domingo 23. Sant Jordi.

A librería Sargadelos colocará varias mesas no exterior do seu local en Carrer de Provença 274, (con Rambla Catalunya) destinadas á venda de libros.

Venres 27, 20 h. Galería Sargadelos.

Dobre presentación:

- Afonso Becerra: *Dramaturxias*

- Dani Salgado: *A dirección de autores*